

DOMINGO, 18 DE NOVEMBRO

RASTREXANDO O VERAL: NA PROCURA DO MEXILLÓN DE RÍO E DOUTRAS PEGADAS

**ROTEIROS
ADEGA LUGO
2018 - 2019**

FAUNA D'AQUÍ

Iremos en busca dos misterios dos nosos moluscos autóctonos de auga doce, e coñeceremos as iniciativas que se están levando a cabo para a protección do mexillón de río no Centro Ictioxénico do Veral, moi próximo a Lugo. Despois faremos unha ruta a pé, circular, desde a Aula da Natureza, nunha viaxe a través das pedras, a auga e as carballeiras polos montes das Abelairas, Burgo de Mera e Seoane. Aquí habitan diversos mamíferos e outras especies de bosque, polo que nos iremos fixando nos diferentes rastros que deixan. Atoparemos tamén restos da milenaria presenza do ser humano nestas terras: muíños e muros que aproveitaron a dura rocha, canteiras que nos devolven o oco de tempos pasados e antigas aldeas fillas do millo e do pan.

Guía: Aula da Natureza do Veral

Lonxitude: 15 Km

Dificultade: media-baixa



Reserva praza: Web: <https://roteirosadegalugo.wordpress.com>
Teléfonos: 982.240.299 / 670.260.440

Saída: Avenida de Ramón Ferreiro (Fac. Formación do Profesorado) ás 9:00h.

Prezos: Xeral 18€ / Socios-socias 12€ / Estudiantes ou en paro 15€ / Ata 14 anos 5€.

Os roteiros son de xornada completa.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s.

As prazas asignaranse por orde de inscrición, antes do venres da semana do roteiro.

PRÓXIMOS ROTEIROS



+info:
<http://roteirosadegalugo.wordpress.com>
ou
<http://adega.gal>

